Concello de AMES

# ACTA Nº: 24 / 2023

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 21.07.2023**

**EXPEDIENTE GD: 9641/2023**

**LUGAR**: Sesión celebrada no Salón de Plenos do Concello de Ames, de forma presencial.

**DÍA**: 21.07.2023

**HORA DE COMEZO**: 13:15 h.

**HORA DE FINALIZACIÓN**: 13:30 h.

**PERSOAS ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| Grupo municipal Socialista | José Blas García Piñeiro |
| | Susana Señorís Rodríguez |
| | Ana Belén Paz García |
| Grupo municipal Popular | Pablo Beiroa Pampín |
| | Roberto Martínez Viaño |
| Grupo municipal BNG | Natividad González Rodríguez |
| | Rosalía Seijas Tuñas |
| Grupo municipal Espazo Común | Luisa Feijóo Montero |

Actúa como presidente José Blas García Piñeiro, alcalde; e como secretaria Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames.

**ORDE DO DÍA:**

**Punto primeiro.** Toma de coñecemento da composición da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas. Expediente GD 8454/2023.

**Punto segundo.** Delegación da presidencia da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas. Expediente GD 8454/2023.

**Punto terceiro.** Modificación do lote 3 do contrato do servizo de limpeza nas instalacións de uso municipal do Concello de Ames. Expediente GD 924/2022

**Punto cuarto.** Aprobación suplemento de crédito 2/2023. Expediente GD 9608/2023.

**Punto quinto.** Aprobación recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2023. Expediente GD 9572/2023.

**PUNTO PRIMEIRO. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. EXPEDIENTE GD 8454/2023.**

En sesión plenaria de organización da Corporación local que tivo lugar o día 28 de xuño de 2023 acordouse que a Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas, tería a seguinte composición:



NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO:
Secretaria accidental
Alcalde
HASH DO CERTIFICADO:
ADC051E0DEB2E2D8868A936F3C66A31767B528B7
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC278DCCB5157E3B040A5
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE
Comprobación de autenticidade na Sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

Presidente: alcalde.

3 representantes do grupo municipal socialista ( incluído o presidente)

2 representantes do grupo municipal popular

2 representantes do grupo municipal BNG

1 representante do grupo municipal unipersoal Espazo Común

O alcalde é o presidente nato de todas as Comisións Informativas permanentes, porén a presidencia efectiva poderá delegarse en calquera membro da Corporación a proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Os grupos municipais socialista, popular e BNG designaron os seus representantes. O grupo municipal ESCO ten dereito a participar en tódalas comisións informativas coa súa única representante por aplicación do artigo 10.4 ROM. Por todo o que antecede, a composición da comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas é a seguinte:

**Presidente**: José Blas García Piñeiro

**3 representantes do grupo municipal socialista (incluído o presidente)**: José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez e Ana Belén Paz García.

**2 representantes do grupo municipal popular:** Mª Oliva Agra Costoya e José Ramón Oulego Erroz. Como suplente calquera concelleiro/a do grupo.

**2 representantes do grupo municipal BNG**: David Santomil Mosquera e Rosalía Seijas Tuñas. Como suplentes Natividad González Rodríguez, Escarlata Pampín López e Alexandre Espinosa Menor.

**1 representante do grupo municipal ESCO**: Luisa Feijóo Montero.

**PUNTO SEGUNDO. DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. EXPEDIENTE GD 8454/2023.**

A proposta da Alcaldía de que a presidencia efectiva da comisión informativa permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas se delegue na concelleira Susana Señorís Rodríguez acada o apoio por maioría absoluta dos membros da comisión, cos votos a favor dos 3 concelleiros/as do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez, Ana Belén Paz García), das 2 concelleiras do grupo municipal BNG (Natividad González Rodríguez, Rosalía Seijas Tuñas), da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero) e coa abstención dos 2 concelleiros do grupo municipal popular (Pablo Beiroa Pampín, Roberto Martínez Viaño).

No caso de que a presidenta non poda asistir a presidencia será asumida polo alcalde.

**PUNTO TERCEIRO. MODIFICACIÓN DO LOTE 3 DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA NAS INSTALACIÓNS DE USO MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 924/2022**

A proposta da Alcaldía para a modificación do Lote 3 do contrato de servizo de limpeza nas instalacións de uso municipal do Concello de Ames é ditaminada favorablemente por maioría simple dos membros da comisión cos votos a favor dos 3 concelleiros/as do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez, Ana Belén Paz García), e coa abstención dos 2 concelleiros do grupo municipal popular (Pablo Beiroa Pampín, Roberto Martínez Viaño), das 2 concelleiras do grupo municipal BNG (Natividad González Rodríguez,

HASH DO CERTIFICADO:
ADC051E0DEB2E2D8868A936F3C66A31767B528B7
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretaria accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC278DCCB5157E3B040A5

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
atencioncidada@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE
Comprobación de autenticidade na sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

Rosalía Seijas Tuñas) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

**PUNTO CUARTO. APROBACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2023. EXPEDIENTE GD 9608/2023.**

A proposta da Alcaldía para a aprobación do suplemento de crédito 2/2023 é ditaminada favorablemente por maioría simple dos membros da comisión cos votos a favor dos 3 concelleiros/as do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez, Ana Belén Paz García), e coa abstención dos 2 concelleiros do grupo municipal popular (Pablo Beiroa Pampín, Roberto Martínez Viaño), das 2 concelleiras do grupo municipal BNG (Natividad González Rodríguez, Rosalía Seijas Tuñas) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

**PUNTO QUINTO. APROBACIÓN RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2023. EXPEDIENTE GD 9572/2023.**

A proposta da Alcaldía para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2023 é ditaminada favorablemente por maioría simple dos membros da comisión, cos votos a favor dos 3 concelleiros/as do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez, Ana Belén Paz García), e coa abstención dos 2 concelleiros do grupo municipal popular (Pablo Beiroa Pampín, Roberto Martínez Viaño), das 2 concelleiras do grupo municipal BNG (Natividad González Rodríguez, Rosalía Seijas Tuñas) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

Sen mais asuntos que tratar o presidente remata a sesión de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

| | |
|---|---|
| O alcalde | A secretaria accidental |
| José Blas García Piñeiro | Concepción Vilas Cantelar |

HASH DO CERTIFICADO:
ADC051E0DEB2E2D8868A936F3C66A31767B528B7
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretaria accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC278DCCB5157E3B040A5



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidade na sede Electrónica Municipal